

Vínculos cos demais

Modelos de organización social

Desde as orixes da humanidade, todos os grupos organizaron a súa convivencia. Déronse distintos modelos de organización **política** dunha sociedade segundo quen tivese a soberanía ou autoridade na toma de decisións dos asuntos públicos desta sociedade.

Na antigüidade existían diversos modelos:

- As **organizacións tribais** son diversas, pero todas adoitan valorar as persoas maiores, que son consideradas líderes políticos e espirituais.
- As **organizacións xerárquicas**, como as monarquías. Nelas goberna un rei ou caudillo que reparte o seu poder supremo entre colaboradores.
- A **oligarquía**, goberno exercido por un grupo minoritario.

Os Estados, tal e como os coñecemos hoxe, xorden hai quíntos anos. Foron basculado entre dous modelos: o absolutista e o democrático.

- Os **Estados absolutistas** son aqueles nos que se establece un pacto social entre a poboación e os seus gobernantes; estes promulgarían unhas leis cuxa finalidade é a convivencia pacífica e a orde. Asegúrase a convivencia, pero non se permite a participación cidadá e deixa poucos espazos de liberdade. Son sociedades autoritarias e verticais.
- Os **Estados democráticos** son aqueles nos que a soberanía reside no pobo e este a exerce nas diferentes estruturas: parlamentos, plenos municipais, consellos escolares, sindicatos, etc.

1 Recorda os teus coñecementos de historia e o que sabes sobre a organización de diferentes países na actualidade.

- a. Saberías asociar aos modelos referidos de organización política un país nalgún dos seus momentos históricos?
- b. Que modelo de organización política ten hoxe España? Explica en que consiste este modelo.
- c. Que forma de goberno che parece máis apropiada na actualidade?

A palabra "democracia" provén do grego: *demos*, que significa 'pobo', e *cracia*, que pode traducirse por 'forza', 'dominio' ou 'poder'. Hai exemplos de democracia en pobos antigos como os gregos e nalgunhas sociedades tribais. As democracias actuais organízanse de diferentes maneiras para permitir a participación da cidadanía:

- Democracia **indirecta** ou **representativa**: o pobo elixe representantes para gobernar cada varios anos.
- Democracia **participativa**: facilítase a libre asociación e organización para que os cidadáns poidan intervir nas decisións públicas. Neste modelo foméntanse os métodos de consulta á poboación.
- Democracia **directa**: as decisións son tomadas directamente pola cidadanía mediante continuos **referendos**, asembleas, iniciativas populares, etc.

2 **CREAMOS XUNTOS**. Cada grupo escolle un modelo de democracia e fai unha proposta para resolver o problema da publicidade enganosa. Concretade o máis posible: quen, como, medios, etc.



Política: Actividade do cidadán cando intervéñ nos asuntos públicos coa súa opinión, co seu voto ou de calquera outro modo.

Referendo: Procedemento polo que se someten ao voto popular leis ou decisións políticas.



No século XVII o filósofo inglés Thomas Hobbes propón na súa obra *Leviatán* un modelo de Estado rexido pola lei. Nel as persoas establecen un pacto social cos seus gobernantes, segundo o cal estes promulgarían unhas leis cuxa finalidade é a convivencia pacífica e a orde. Pon así as bases do absolutismo político rexido pola lei. O seu Estado asegura a convivencia, pero non permite a participación cidadá e deixa poucos espazos de liberdade.


O modelo de organización na Igrexa

- 3 Xesús elixiu un grupo de persoas. Le o seguinte texto e sinala as características deste grupo e como se toman as decisións.

Ía Xesús camiñando de cidade en cidade e de aldea en aldeas, proclamando e anunciando a Boa Noticia do reino de Deus, acompañado polos Doce, e por algunhas mulleres que foran curadas de espíritos malos e de enfermidades: María a Magdalena, da que saíran sete demos; Xoana, muller de Cusa, un administrador de Herodes; Susana e outras moitas [...]. Despois disto, designou o Señor outros setenta e dous entre os discípulos, e mandounos diante del, de dous en dous, a todas as aldeas e lugares onde pensaba ir el.

Lc 8,1-4a; 10,1

MARINUS VAN REIMERSWAELE,
Vocación de Mateo (s. xvi), Madrid



Xesús formou un grupo de homes e mulleres, algúns rexeitados pola sociedade, entre os que estaban os seus discípulos. Despois da súa morte e resurrección, as comunidades cristiás buscaron a mellor maneira de organizarse. Tiveron as súas dificultades, había algúns que querían impoñer a súa vontade (cf. 1 Cor 1,10-12). San Paulo coñece estas comunidades e escríbelles para ensinalles como debe ser a organización dun grupo cristián no que todos comparten unha mesma fe, forman parte dunha mesma tradición e todos son igual de importantes: "Pois todos sodes fillos de Deus pola fe en Cristo Xesús" (Gal 3,26).

- 4 San Paulo pon unha comparación para que se entenda que na Igrexa todos son importantes. Le.

Pois, o mesmo que o corpo é un e ten moitos membros, e todos os membros do corpo, a pesar de ser moitos, son un só corpo, así é tamén Cristo. Pois todos nós, xudeus e gregos, escravos e libres, fomos bautizados nun mesmo Espírito, para formar un só corpo. E todos bebemos dun só Espírito.

O ollo non pode dicirlle á man: "Non te necesito"; e a cabeza non pode dicirlles aos pés: "Non vos necesito". Senón todo o contrario, os membros que parecen máis débiles son necesarios.

1 Cor 12,12-13.21-22

- Segundo o que di Paulo, na Igrexa son todos necesarios e importantes para o seu funcionamento? Por que?

Ao longo dos séculos a Igrexa foi estendéndose e crescendo o número de crentes. Axiña foi preciso establecer unha organización: bispos, sacerdotes, diáconos... É o que chamamos a xerarquía da Igrexa. A palabra "xerarquía" establece unha gradación; porén, na Igrexa esa xerarquía é *diaconía*, é dicir, os distintos membros da Igrexa están chamados a ser servidores dos demais. Xesús di: "Quen queira ser o primeiro, que sexa o último de todos e o servidor de todos" (Mc 9,35).

- 5 Pensas que é posible nunha sociedade que a persoa líder sexa a que está máis ao servizo dos demais?

